

*Xabier Cordal Fustes: A vella peneira a noite*

**Iago Castro Buerger**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

CASTRO BUERGER, IAGO (2011 [2002]). “Xabier Cordal Fustes: *A vella peneira a noite*”. *A Trabe de Ouro*: 50, 109-111. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1336>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

CASTRO BUERGER, IAGO (2002). “Xabier Cordal Fustes: *A vella peneira a noite*”. *A Trabe de Ouro*: 50, 109-111.

\* Edición dispoñíbel desde o 27 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## XABIER CORDAL FUSTES: *A VELLA PENEIRA A NOITE*

Iago Castro Buerger

Escribía Darío Xohán Cabana<sup>1</sup>, alá por 1993 e a propósito de *Arianrod*, “AQUÍ FÁLASE DE NOSOUTROS” para nos situa-lo poemario primeiro de Xabier Cordal na liña vella, afouta e latente que abrixa Pondal, noso capitán “formalista”, e que foi dando alancadas de ferro nos versos de poetas ben coñecidos de noso ata chegar, arestora, invicta. Facía Cabana esta aclaración para confronta-la poesía de Cordal con esoutra chamada “culturalista”: de cultura gratis e cativa, ben arredada do país e dos pais, unicamente ornamental. Cordal, pola contra, abrangueu as connotacións positivas da etiqueta ao conseguir engarza-lo seu “culturalismo” cos seus pés, ou terra, ou patria, ou república de non chegar (como quixeren). O de Roás déuno-la pista.

[110] O feito é que xa pasaron uns anos e un bo número de poemarios galegos de categoría desigual. No camiño, Cordal deixounos *Fruto do Teixo* (1994) e *Afásia* (1997), paradas obrigatorias nas nosas carreiras de lectores, para recentemente nos ofrecer este *A vella peneira a noite* (2001). Este non é lugar para facermos unha análise sobre a evolución da poesía do coruñés, mais si cómpre dicir que atopamos aquí unha voz máis calma, que flúe de vagar recollendo memoria aquí e acolá. Porque anque xa non estoura a palabra (dicimos metáfora, sintaxe, funcións da linguaxe...), si que segue a afondar nos nosos records, nas derrotas nosas... e os versos, por seren bafaradas de nosoutros, acadan case que sempre a categoría de emociantes.

E a primeira persoa do plural non é sinónimo de mirar para o embigo; porque aquí están os “sumidoiros de manhattan”, unha “xerusalén celeste”, “Dorian (...) de tanto debuzarse no código de cristal” para se confundir coas nosas xeografías, como mellor non poden expresar estes primeiros versos do libro:

“unha estrela de galicia na cabeza, ao xeito de jim morrison,  
dos derviches xiróvagos, de sitting bull antes do combate”

Velaquí o Cordal de dentro para fóra, en continua busca xiróvaga: eis Manuel Antonio, Manuel Antonio, presenza inmensa neste poemario que inclúe a súa derradeira parte, “as hélices brancas da serra do caxado”, como homenaxe ao rianxeiro, e cun poema final ao xeito de epístola que é perfecto colofón.

Velaquí –confirmamos–, sempre, a memoria, porque todo o poemario é un esforzo para non perder fronte aos que “disolven a túa casa e / coagulan a memoria”. E este combate

<sup>1</sup> *A Trabe de Ouro*, número 15 de 1993.

desenvólvese en dúas dimensións: unha que vén de lonxe, colectiva e case que mítica ou “...a auga derradeira dos muíños / que resisten / na musculatura de granito” onde habita no primeiro poema o Leiras dos cantos da Frouseira, masónico alá en Mondoñedo; tamén aquí o relato en verso de “a ollada fixa”, trágica reconstrucción (si, reconstruamos) da posguerra do terror e o medo, focalizada na mirada dunha avoa, nos nomes dos outrora anónimos asasinados, na “camada seguinte” que tivo que escribir “sin gastar adxectivos / nin subordinar oracións”; ademais, como non, achamos unha manifestación retranqueira e fachendosa, no día da república imposible alá no Obradoiro por un día noso, que é o poema “unha humilde proposta”; e por suposto, a lingua, a nosa, “celebramos mil primaveras da fala da avoa que temos morta ” e maila súa negación cotiá:

“É agora cando a xente que quero se desfai  
da dignidade, do que son e do que foron,  
soñan un idioma para partir  
da nada, un idioma doutro lugar: nel  
educarán as fillas.”

E unha outra dimensión, máis íntima pero coñecida de todos, que constitúe unha verdadeira épica do eu e tamén dos personaxes non “normalizados” da sociedade oficial. No primeiro caso está a lembranza de rapaz na escola onde “Tivemos que deducir / unha [111] nación da ausencia, / non estaba no encerado” e cuns mestres que “...corrixían / o noso tempo verbal (corrixían / especialmente o pretérito perfecto / e o presente histórico)”; ou esoutra experiencia transcendente e heroica de arrincar unha postela, sinal de guerra e reclamo de vampiros; ou o mozo que despide os amigos do verán, para todos marcharen á loita ou á vida en “bandos diferentes”; ou o magnífico poema “monte alto”, o espertar alí, onda as leiras e recibir leite quente deixando fóra o desacougo urbano, e esta grande cousa recórdanos o que acontece tamén cunha galiña en Sárdoma –a carón das fábricas– ou unha leituga de Lavadores, e sonlles resistencias verdadeiras (desculpen o localismo, inevitable). E isto mesmo pasa –loita de centro e arrabaldos–, xa falando dos personaxes, con dúas vellas que amorean leña e cheiran “como se non vivisen na cidade”, marxinais ou marxinaidas, non sabemos; e pasear pasean tamén no texto xentes inmersas na espiral da droga, ás veces revolucionaria, ás veces carceraria; atopamos tamén un crego “poeta de palacio”, melancólico versificador do amor perdido (¡canta historia!).

E entre o nosoutros, a lingua, a épica do eu e dos que eu coñezo... tamén Cordal ten un espacio reservado para reflexionar sobre a poesía e cómo conta-las cousas, sempre con fonda ironía; sirvan de exemplo os versos de “a ollada fixa”: “...se cadra / haxa protestas por esta conversióná literatura / de feitos tan distantes, por remexer na ferida, / pero vede aquí que o poema saberá cambiar / axilmente de rumbo, como a nosa lírica en 1976”; ou os de “ecce homo II”: “e acabou a prosa esta (antes de que se me poña / beat, con esquinas, agullas e servizos públicos)”.

Para finalizarmos, só engadir que a lectura de *A vella peneira* a noite deixa pouso, pesa –polo menos nesta lectura, aínda que de seguro tamén con calquera outra–, quizais porque non deixa se axexar ou lle non pon medo mirar atrás para construír poemas con cimentos e fachada. Porque este Cordal, algo máis descampado e vagaroso, devala cómodo tanto nas grandes historias e batallas coma nas anécdotas e as pequenas desilusións. Fai os versos de seu sentidos. E nosoutros gozamos cos poemas nos que:

“no pulso da estaca escura,  
apontoamos a porta  
e o valo. Látenos  
o corazón.”

Benvindo, pois, sexa este libro.